

## Resolución da Alcaldía Expediente 3201/2020

De acordo coas Bases e a convocatoria do Obradoiro de Emprego “Cambados Emprendedor II”, para persoas mozas incluídas no Ficheiro Nacional de Garantía Xuvenil.

Vista a Resolución da Alcaldía do 22.10.2020 pola que se aprobaron as Bases da convocatoria do Equipo Técnico (Director/a, Docentes e Administrativo/a).

Visto que foi convocado un novo proceso selectivo para o posto de Director/Directora para a substitución do titular e ata a súa incorporación.

Vista a relación de candidatos/as remitidos pola Oficina de Emprego de Cambados para o participar no proceso selectivo.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes en cumprimento do disposto na base novena do proceso selectivo,

### RESOLVO:

1. Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as .

NÚMERO	APELIDOS E NOME	ESTADO
1	ARMADA CASTRO PABLO	Admitido
2	PRADO GONZALEZ CARLOS	Admitido
3	OTERO DOMINGUEZ BEATRIZ	Admitida

2. Outorgar prazo **dun día hábil**, para a posible emenda da exclusión / omisión que se contará dende a publicación da presente Resolución.

De non presentarse reclamación ningunha dentro do referido prazo a lista provisional elevarase a definitiva.

3. Designar aos membros do Tribunal Cualificador:

- Presidenta: Dna. María J. Parada Portas (Técnica de Persoal)
- Vogais:
- Dna. Mercedes Charlín Somoza (Técnica de Xestión)
- Dna. Ana Maria Fole Pintos. (Técnica de Tesourería e Intervención)
- Secretaria: D<sup>a</sup>. María del Mar Mondragón Treviño (Oficial de Administración)



4. Co obxecto de realizar a avaliación dos méritos aportados polos candidatos o Tribunal Cualificador reunirase o vindeiro xoves día 26 de agosto as 10.00 horas no Servizo de Contratación no edificio da Casa Consistorial.

5. Ordenar a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Edictos do Concello.

Cambados  
(Asinado dixitalmente)

